

## CONDONACIÓN EXTRAORDINARIA NO PAGO DE XUROS E/OU MORATORIA NO PAGO DE PRINCIPAL CON ORIXE NO IMPACTO ECONÓMICO E SOCIAL PROVOCADO POLO COVID-19 (CORONAVIRUS) E A DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA

### 2ª MEDIDA EXTRAORDINARIA

#### FAQ's

#### 1. ¿En que consiste esta 2ª medida extraordinaria?

A 2ª medida extraordinaria poderá afectar, a elección do solicitante (ou indistintamente no sucesivo, dos solicitantes), aos seguintes aspectos:

- Ao pago de xuros correspondente ao segundo trimestre do ano 2020: ditos xuros serían condonados, ao ser calculados cun tipo de xuro do 0%, polo que resultarán nulos durante todo o citado trimestre.
- Ao pago de cuotas de principal que teñan unha liquidación pagadoira o día 30 de xuño de 2020: dita(s) cuota(s) será(n) posposta(s) ate o final do calendario de amortización previamente existente, de tal forma que constituirían novas cuotas posteriores.
- A ámbalas dúas opcións previas: xuros + principal.

Polo tanto, durante o segundo trimestre do ano 2020 os xuros ocasionados polos préstamos serán de cero euros (0€). Dita condonación unicamente corresponde ao segundo trimestre, retornándose á normalidade de cálculo a partir do día 1 de xullo de 2020. Os xuros correspondentes ao primeiro trimestre tampouco se verán afectados por esta 2ª medida extraordinaria.

Como exemplo en relación do principal, no caso de ter orixinalmente as seguintes coutas de liquidación de principal establecidas:

- a) 100 euros de principal no día 31 de marzo de 2020:
- b) 100 euros de principal no día 30 de xuño de 2020:
- c) 100 euros de principal no día 30 de setembro de 2020:

A couta b) sería posposta, constituíndo unha nova couta posterior ao calendario de amortización orixinal. As coutas a), c) non estarían afectadas pola 2ª medida extraordinaria.

#### 2. ¿Esta 2ª medida extraordinaria é compatible con outras anteriores?

Esta nova medida extraordinaria si é complementaria e compatible coas anteriores medidas xa trasladadas, sempre no caso de ter cumprido os requisitos de ámbalas medidas e ter realizadas as solicitudes correctamente. Tamén é importante salientar que esta nova medida é independente das anteriores medidas, polo tanto:

- Unha empresa que non solicitou medidas anteriores si poderá solicitar esta nova medida, en igualdade de condicións. Para iso, deberá presentar obrigatoriamente a declaración responsable seguindo o modelo facilitado.

- De igual forma, sendo esta medida voluntaria, as empresas que si solicitaron medidas anteriores poderán decidir se queren ou non solicitar esta nova medida libremente. No caso de que si queiran solicitala, deberán presentar obrigatoriamente unha nova declaración responsable, seguindo o modelo facilitado.
- Tamén, se unha empresa solicitou beneficiarse de medidas anteriores e estas solicitudes foron rexeitadas, pode solicitar en igualdade de condicións a participación da nova medida, dado que analizarase a nova solicitude de forma independente e segundo as novas bases.

Polo tanto, todas aquelas empresas que queiran beneficiarse da 2ª medida extraordinaria deberán presentar obrigatoriamente a declaración responsable seguindo o modelo facilitado, independentemente do sucedido en relación a anteriores medidas.

### **3. ¿A quen vai dirixida a 2ª medida extraordinaria?**

A solicitude é voluntaria, e está dirixida unicamente a entidades mercantís financiadas previamente que sufriron un impacto significativo e demostrable provocado polo covid-19 (coronavirus) e a declaración do estado de alarma.

Está dirixida tanto a empresas que participaron en medidas previas como a empresas que efectúan por primeira vez unha solicitude desta natureza.

### **4. ¿Podo solicitar agora por primeira vez os beneficios de anteriores medidas?**

Non.

Esta nova medida é independente das anteriores medidas. Se non se solicitou a participación en anteriores medidas, ou se unha solicitude de medidas previas foi rexeitada, xa non se poderá ter acceso aos seus beneficios.

### **5. ¿Que se considera un impacto significativo e demostrable?**

Os impactos deberán ser significativos, no senso de que afectan de maneira moi destacada ao normal funcionamento dos negocios e da actividade da entidade mercantil afectada, e deberán ser demostrables documentalmente mediante información contable ou financeira.

### **6. ¿Todo o mundo pode resultar beneficiario?**

A medida extraordinaria está dirixida unicamente a entidades con operacións de préstamo cos fondos/sociedade administrados por parte de XESGALICIA, SGEIC, SAU. (isto é, con Sodiga Galicia, Sociedad de Capital Riesgo, S.A., Galicia Compite, FICC, Adiante 2000, Fondo de Capital Riesgo, en liquidación, Galicia Innova Tech, FICC e Galicia Iniciativas Emprendedoras, FICC)

Ademais, a solicitude está vinculada unicamente a operacións de préstamo (de calquera tipo: participativo, ordinario, hipotecarios, etc.). Polo tanto, non serán admitidas solicitudes en relación a débedas comerciais nin a débedas asociadas a operacións con instrumentos de capital (coma pagos aprazados, anticipos de desinvestimento, etc.).

Así mesmo, aquelas entidades que manteñan no 24 de abril de 2020 unha situación irregular non resultarán beneficiadas. Neste sentido, considerarase situación irregular a existencia de posicións vencidas (en relación a xuros ou a principal) ou a falta de certificación de retencións sobre os xuros correspondentes ao exercicio anual 2018 ou de exercicios anteriores.

A medida non afectará a préstamos sometidos a acordos de homologación de pagos, convenios de acredores, preconcursos ou concursos de acredores, procesos de liquidación, ou calquera outra situación de análoga natureza xurídica derivada de problemas de liquidez.

#### **7. ¿Se manteño algunha cantidade sen pagar pode beneficiarme?**

O cálculo será efectuado no día 24 de abril de 2020. Neste sentido, as entidades que ao 24 de abril de 2020 manteñan sen pagar posicións vencidas con anterioridade, sexan en relación a xuros ou a principal, e independentemente do seu importe, non resultarán beneficiadas.

A medida é extraordinaria e pretende axudar a entidades que afronten dificultades económicas e financeiras xeradas como consecuencia do COVID-19 (coronavirus) e da declaración do estado de alarma, e non a situacións previas que xa orixinaban posicións irregulares.

#### **8. ¿Se pago agora as débedas previas xa pode beneficiarme?**

Se o pago é efectuado antes do día 24 de abril do 2020 si.

Se o pago é posterior non. Pero resulta igualmente recomendable que se proceda a regularización de calquera débeda, ademais de polos motivos evidentes de obriga contractual, porque isto permitiría que a entidade non teña posicións irregulares por débedas, o cal podería permitir acceder a outras medidas extraordinarias futuras, no caso hipotético de que foran aprobadas.

#### **9. ¿Se manteño certificados por retencións sen entregar pode beneficiarme?**

Se son unicamente certificados por retencións de xuros do ano 2019 si poderás beneficiarte (cumprindo os restantes requisitos). En calquera caso, resulta igualmente recomendable que se proceda a súa entrega a maior brevidade, ademais de polos motivos evidentes de obriga contractual e tributaria, porque isto permitiría que a entidade non teña posicións irregulares de tipo documental, o cal podería seguir permitindo acceder a outras medidas extraordinarias futuras, no caso hipotético de que foran aprobadas, e que esixiran dita remisión.

Pero se falta a certificación de importes por retencións sobre os xuros correspondentes ao ano 2018 ou de anos anteriores, e independentemente do seu importe, non poderás resultar beneficiado da medida.

#### **10. ¿Se entrego agora os certificados por retencións do 2018 ou anteriores xa pode beneficiarme?**

Se a entrega é efectuada antes do día 24 de abril do 2020 si.

Se a entrega é posterior non. Pero resulta igualmente recomendable que se proceda a entrega a maior brevidade, ademais de polos motivos evidentes de obriga contractual e tributaria, porque isto permitiría que a entidade non teña posicións irregulares de tipo documental, o cal podería permitir acceder a outras medidas extraordinarias futuras, no caso hipotético de que foran aprobadas.

## 11. ¿Como se solicita a 2ª medida extraordinaria?

Deberase cumprimentar unha declaración responsable de forma veraz e íntegra. Dita declaración responsable deberá ser remitida a:

- Unha vez debidamente cumprimentada e asinada, a declaración deberá ser enviada escaneada ao enderezo de correo electrónico: [xesgalicia@xesgalicia.org](mailto:xesgalicia@xesgalicia.org)
- Posteriormente, e no prazo máximo de 60 días, a declaración orixinal deberá ser enviada por correo postal ao enderezo: *Rúa Ourense, 6, 15701 Santiago de Compostela.*

Tal e como se explica en anteriores preguntas, as comprobacións de cumprimento dos requisitos serán efectuadas ao respecto da situación existente no día 24 de abril de 2020. Por ese motivo, o prazo de remisión da declaración iniciarase dito día, o 24 de abril de 2020. Non resulta recomendable realizalo envío da declaración responsable con anterioridade, dado que a mesma podería conter información errónea e ser rexeitada.

A declaración deberá ser enviada antes do día 22 de maio de 2020 (inclusive).

Unicamente será aceptada unha solicitude por entidade mercantil. No caso de que a entidade mercantil teña varios préstamos concedidos, a solicitude abranguerá á totalidade de préstamos.

No caso de recibir máis dunha solicitude asociada á mesma entidade mercantil, procederase a rexeitar automaticamente á segunda e posteriores, seguindo a orde de recepción no enderezo de correo electrónico.

No caso de identificar información non veraz na declaración a solicitude será rexeitada automaticamente, sen ningún outro requisito ou notificación adicional.

## 12. ¿Procederase a reclamar a información documental acreditativa da veracidade da declaración responsable en tódalas solicitudes?

Procederase a realizar diversas verificacións en tódalas solicitudes, pero non sempre será solicitada documentación soporte sobre todo o declarado dentro da declaración responsable.

Os documentos imprescindibles serán:

- En tódolos casos: a declaración responsable (ante do día 22 de maio, inclusive).
- A formalización, no prazo de 6 meses a contar dende a finalización do estado de alarma, da novación do préstamo (deberá ser asinada polo prestatario, polos garantes en caso de aplicar e polas terceiras partes que estean, no seu caso, obrigadas a consentilo).

### 13. ¿Como podo saber se a miña solicitude foi aceptada?

Como calquera trimestre tódalas entidades recibirán a liquidación de xuros e principal habitual.

En caso de ter sido aceptada a solicitude, dita liquidación reflectirá automaticamente os xuros e/ou principal en consideración da medida aceptada.

No caso de non ser aceptada, a liquidación manterá a metodoloxía de cálculo previa sen alteracións.

Polo tanto, non se remitirán comunicacións adicionais de aceptación ou rexeitamento.

Dados os prazos e condicionantes expostos, o envío do habitual recibo de liquidación de préstamo do 2º trimestre podería ser demorado ate a primeira quincena de xullo, a obxecto de incluír os posibles impactos correspondentes á medida extraordinaria.

### 14. ¿No caso de non ser aceptada a miña solicitude podo reclamar?

Non.

A medida e o procedemento de solicitude teñen unha natureza extraordinaria, e non se tramitarán reclamacións.

### 15. ¿Se a miña solitude é aceptada deberase facer algunha escritura de modificación do contrato de préstamo orixinal?

Si, en tódolos casos e para maior seguridade xurídica de todos.

Os prazos de formalización están condicionados pola tipoloxía de préstamo e pola data de finalización do estado de alarma, segundo o exposto a continuación:

- Para préstamos non sometidos a acordos marco ou de tipo global con intervención de terceiras partes, que non teñan garantías e cun saldo pendente ao 18 de marzo de 2020 de importe inferior ou igual a 75.000 euros o(s) declarante(s), como persoa(s) con facultades de representación suficientes, asume(n) o firme e irrevogable compromiso de que nun prazo de 6 meses a contar dende a finalización do estado de alarma, procederase a formalizar a novación concedida nun documento privado.
- Para os restantes tipoloxías de préstamos o(s) declarante(s), como persoa(s) con facultades de representación suficientes, asume(n) o firme e irrevogable compromiso de que nun prazo de 6 meses a contar dende a finalización do estado de alarma, procederase a formalizar a novación mediante escritura pública. En concreto, corresponderase con:
  - o Préstamos sen garantía e cun saldo pendente ao 18 de marzo de 2020 de importe superior a 75.000 euros.

- Préstamos con garantía, independentemente do saldo pendente do préstamo. Neste caso adicionalmente o(s) declarante(s) asumen(n): *i*) que a solicitude unicamente será tramitada se a totalidade de garante(s) do préstamo proceden a aceptar a presente medida extraordinaria, proceden a asinar a presente declaración responsable na sección 5ª da declaración responsable, e se comprometen adicionalmente a asumir *ii*) o firme e irrevogable compromiso de que nun prazo de 6 meses a contar dende a finalización do estado de alarma, procederase a formalizar (por tódalas partes afectadas) a novación concedida mediante escritura pública.
- Calquera préstamo sometido a acordos marco ou de tipo global con intervención de terceiras partes, nos cales o acordo non fora formalizado nin referendado en sede xudicial, e que o acordo obrigue á autorización de tódalas partes para a novación ou modificación do préstamo, o(s) declarante(s) asumen(n): *i*) que a solicitude unicamente será tramitada se a totalidade de participantes(s) no acordo marco ou de tipo global do préstamo proceden a aceptar a presente medida extraordinaria, proceden a asinar a presente declaración responsable na sección 6ª da declaración responsable, e se comprometen adicionalmente a asumir *ii*) o firme e irrevogable compromiso de que nun prazo de 6 meses a contar dende a finalización do estado de alarma, procederase a formalizar (por tódalas partes afectadas) a novación concedida mediante escritura pública.

En caso de non culminar ditos procesos de formalización contractual posterior de obrigada realización en tódolos casos, o(s) declarante(s) acepta(n) que o préstamo quedaría resolto de forma automática, sen ningún outro requisito ou notificación adicional.

#### **16. ¿Aquelas empresas que tamén participaron en medidas previas poderán formalizar conxuntamente as diferentes modificacións xeradas polas medidas?**

Si. Aquelas empresas beneficiadas de varias medidas extraordinarias poderán formalizar nunha única escritura, conxuntamente, as diferentes modificacións xeradas por tódalas medidas.

#### **17. ¿Tratarase a tódalas garantías por igual?**

Si. Independentemente do tipo de garantía, sempre deberá asinar a declaración responsable un representante do garante, aceptando as condicións e comprometéndose a asinar a novación mediante escritura pública.

Neste sentido, nas garantías emitidas directamente por persoas físicas ou xurídicas (por exemplo cando un préstamo está garantido pola sociedade matriz do prestartario) o garante será dita persoa.

Nas garantías correspondentes a prendas, hipotecas ou similares sobre calquera tipo de activo (por exemplo cando un préstamo está garantido pola hipoteca dunha nave industrial) o garante será o propietario de dito activo (no caso de existir máis dun propietario considerarase que tódolos propietarios son simultaneamente garantes).

No caso de que a propia prestataria sexa a propietaria do activo (por exemplo cando un préstamo está garantido pola hipoteca dunha nave industrial que é propiedade da prestataria) o garante será a propia prestataria, e deberá identificase na declaración como garante de forma adicional. Polo tanto, neste caso asinaría a declaración responsable o representante da prestartaria dúas veces, en primeiro lugar como declarante/solicitante e en segundo lugar como garante (e en apartados diferentes da declaración).

## 18. ¿Se teño un préstamo homologado xudicialmente pode beneficiarme?

A medida está limitada a préstamos que non se encontran sometidos a ningún proceso formalizado nin referendado en sede xudicial. Polo tanto, quedan excluídos acordos de homologación de pagos, convenios de acredores, preconcursos ou concursos de acredores, procesos de liquidación, ou calquera outra situación de análoga natureza xurídica derivada de problemas de liquidez, que foran formalizados ou referendados en sede xudicial.

No caso de que sexa un acordo de financiamento que non foi formalizado nin referendado en sede xudicial, entón si podería estar dentro do ámbito da medida extraordinaria, sempre e cando se cumpran os restantes requisitos e se efectúe correctamente a solicitude.

## 19. ¿Qué é un préstamo sometido a acordo marco ou de tipo global?

É un tipo de estrutura de financiamento complexa, propia de empresas de tamaño medio ou grande, no cal varias entidades financiadoras conxuntamente financian a unha empresa ou proxecto. Neste contexto, resulta habitual que ditos acordos impoñan que calquera modificación do préstamo requira necesariamente do acordo previo de tódalas partes, impedindo ningún tipo de modificación bilateral.

Neste sentido, se o teu préstamo está sometido a este tipo de acordos, deberás lograr que a totalidade de participantes no acordo, é dicir, tamén as restantes entidades financiadoras, autoricen a modificación proposta (sexa relativa a xuros e/ou principal). Para iso, as restantes entidades financiadoras deberán asinar a declaración responsable na sección 6ª. Ademais, no momento de formalización posterior da novación concedida, a cal será formalizada mediante escritura pública, ditos participantes tamén deberán ratificarlo acordo.

Se o teu préstamo está sometido a este tipo de acordos, pero están permitidas expresamente as modificacións bilaterais, polo tanto sen necesidade de acordo previo por parte de tódolos asinantes do acordo inicial, non sería necesario obter a súa autorización nin sinatura dentro da sección 6ª.

Se o teu préstamo está sometido a este tipo de acordos e está formalizado ou referendado en sede xudicial, entón quedaría fora do ámbito da medida extraordinaria.

## 20. ¿Por que quedaría resolto o préstamo en caso de non realizala formalización contractual posterior?

A modificación dun préstamo, sexa por cambio do calendario do principal, sexa por unha variación no cálculo dos xuros, ou ambas simultaneamente, supón unha modificación substancial do contrato orixinal, e resulta necesario realizar unha formalización contractual, isto é, unha “novación” que recolla os cambios. En caso de non facela xeraría un incumprimento contractual que podería prexudicar a tódalas partes implicadas no contrato orixinal, ao prestatario, ao prestamista e ao posible garante.

## 21. ¿Podo empregar sinaturas electrónicas na declaración responsable?

As sinaturas electrónicas avanzadas serán aceptadas.

Considérase como “sinatura electrónica avanzada” aquela que permite identificar ao asinante e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, que está vinculada ao asinante de maneira única e aos datos aos que se refire e que foi creada por medios que o asinante pode manter baixo o seu exclusivo control.